

ST MÚSICA
PRESENTE
2010

do 18 de marzo ao 30 de abril
Salón Teatro
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA



Que é ST Música Presente?	03
01. Linho do Cuco	05
02. Anxo Lorenzo	07
03. Emilio Rúa	09
04. Álvaro Vieito Cuarteto	11
05. Ophiusa	13
06. BellónMaceiras Quinteto	17



ST Música Presente

A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) inaugura o programa *ST Música Presente*, dedicado á promoción especial dos traballos discográficos das formacións e solistas galegos de todos os estilos musicais. O novo ciclo, que ten como denominador común o seu desenvolvemento no Salón Teatro de Santiago de Compostela, ábrese como un xeito adicional de apoio á industria musical galega mediante a incidencia no necesario encontro entre os artistas e os distintos mediadores culturais.

A iniciativa, deseñada e promovida en colaboración con AGEM (Asociación Galega de Empresas Musicais) e Agaphono (Asociación Galega de Produtoras Fonográficas), pretende contribuír á difusión da nosa música e dos nosos intérpretes desde unha perspectiva puramente comercial, xa que os principais destinatarios dos concertos de *ST Música Presente* serán programadores, promotores de festivais e certames de música, distribuidores, prensa especializada e demais axentes culturais, tanto galegos como de fóra de Galicia. O público xeral tamén poderá ocupar unha parte do patio de butacas e disfrutar de cada recital nas mellores condicións técnicas e escénicas.

A vontade da AGADIC é poder dar cabida a todos os concertos de artistas galegos interesados neste formato, de tal xeito que haberá varias entregas de *ST Música Presente* ao longo do ano. As propostas a incluír deberán estar sempre enfocadas á presentación de novos traballos discográficos ou á organización de eventos musicais extraordinarios (ben por unha especial combinación de artistas, ou ben por un repertorio específico).

ST Música Presente iníciase así cun primeiro ciclo de 6 concertos –3 no mes de marzo e outros 3 en abril– promovidos polas empresas Nonsí? Servizos Culturais, Zouma Records, Falcatuada Imaxe e Música, Nalgures Producións e Abada Xestión Cultural. Das súas mans chegaránnos referentes da música popular, da canción de autor, do folk tradicional, do folk fusión ou do jazz que se produce na actualidade en Galicia.



01. Linho do Cuco

MÚSICA POPULAR

Xoves 18 de marzo ás 20.30 h

Linho do Cuco presenta novo traballo, de nome 3. A saída do disco coincide co momento en que o grupo comeza a gañar un lugar destacado no panorama da música tradicional galega. Porén, o certo é que a formación conta cunha dilatada traxectoria de case quince anos. O grupo naceu en forma de pasacalle ata converterse no que é a formación actual: unha sorte de charanga tradicional á cal lle engaden sonoridades coma as da zanfona ou o acordeón diatónico.

Nos seus comezos o grupo tiña como obxectivo recoller e recuperar a música tradicional das terras de Tabeirós e de Montes. Andado o tempo, o xermolo da banda fortaleceuse coa incorporación de novos membros relacionados co Conservatorio de Música Tradicional e Folque de Lalín (hoxe, a Central Folque).

En 2005 editan co selo Nacra o seu primeiro disco homónimo, no cal colaboran músicos tan salientables coma Pedro Pascual (Marful) ou Óscar Fernández (Os Cempés, bOnOvO). Agora, en 2010, ve a luz o seu segundo traballo, en que dan un xiro cara a sonoridades bandísticas, dándolle un novo aire ao repertorio e aos arranxos.

Despois do seu paso por numerosos festivais do territorio galego (festival de Riotorto, festival de Bretoña, A Marosa, As Nosas Músicas, A Esmorga Folk, etc.), participan en 2007 no circuíto 4x4. Ese mesmo ano tocan tamén en Barcelos (Portugal), nas Jornadas de Musicología Kodaly. En 2008 continúa o seu periplo por Europa actuando con grande éxito no Festival Intercéltico de Lorient (onde acadan un destacado terceiro premio na categoría de grupos noveis) e con parada noutras importantes cidades como Xenebra.

A grandiosidade da mestura deste Linho do Cuco radica na forza da acertada combinación de timbres sonoros (tuba, clarinete, acordeón diatónico...), co cal é practicamente imposible que o público non mova os pés.

O DISCO

3 é un disco de música de aquí, para xente de aquí e de acolá, que sintetiza o repertorio de banda de música coas melodías de autor que xa forman parte da tradición popular, engadindo unhas pinceladas de música centroeuropea, sempre dende o punto de vista de Linho.

+ info

www.myspace.com/linhodocuco

www.linhodocucostyle.blogspot.com

NONSÍ? SERVIZOS CULTURAIS

Rúa Nova 38, 1ª esqda.

15704 Santiago de Compostela (A Coruña)

T. (+34) 981 578 281 | (+34) 606 672 041

info@nonsi.es

www.nonsi.es

Contratación

Carlos Montilla. carlos@nonsi.es | (+34) 615 098 921



02. Anxo Lorenzo

FOLK

Mércores 24 de marzo ás 20.30 h

Cofundador do grupo vigués Spíritu 986 —que mesturaba gaitas e sintetizadores, electrónica e *samplers*—, Anxo Lorenzo (Moaña, 1974) comezou tocando a frauta aos cinco anos ata que os pais lle regalaron a súa primeira gaita un ano despois. Formado no Conservatorio Superior de Música de Vigo, Lorenzo recibiu clases de Carlos Núñez, Moxenas, Patrick Molard ou Fred Morrison, entre outros.

Na súa ampla experiencia como gaiteiro, ademais de compoñer a sintonía orixinal e oficial do Xacobeo 2000, ten colaborado en numerosos proxectos musicais fusionando os sons tradicionais da gaita cunha gran variedade de estilos, desde a música electrónica ao jazz, pasando polo pop, rock ou flamenco. Deste xeito, converteu a gaita nun instrumento sen fronteiras que semella non ter límites ante a súa mestría.

Unha longa lista de formacións e solistas avalan a solvencia deste gaiteiro. Así, destacan as súas colaboracións con artistas como Celtas Cortos, Lúnasa, Kathryn Tickell, Michael McGoldrick, The Chieftains, Daimh, The National Jazz Orchestra, Luigi Lai, Diarmaid Moynihan, Brian Finnegan, Xarabal, Om/Off, Jaula de Grillos, Tejedor, Angus Mackenzie, Iain MacDonald, Germán Díaz, Mónica Molina, Skape, Amistades Peligrosas, Poncho K, etc.

O DISCO

Tirán, a parroquia de Moaña da que é orixinario, sêrvelle a Anxo Lorenzo de título para o seu debut discográfico en solitario. Este traballo está inspirado nun longo percorrido musical que levou o gaiteiro a coñecer milleiros de lugares e melodías para compartir con músic

cos de diferentes nacións. Unha viaxe que sempre comeza e remata en Galicia.

En *Tirán*, Anxo Lorenzo volve poñendo a proba os límites da gaita e os propios para facernos crer que todo é posible na música. Coa produción de Pedro González e acompañado da súa banda, formada por Xose Liz (buzuki), Milla (percusións), Begoña Riobó (violín), Álvaro Iglesias (contrabaixo) e a nova incorporación do violinista irlandés Eoghan Neff, amósanos once temas que camiñan entre a composición e a tradición, entre as Rías Baixas e o Mar de Irlanda. Unha mostra de virtuosismo e sensibilidade a partes iguais que se ve incrementada coas colaboracións da famosa gaiteira de Northumbria Kathryn Tickell, as cordas de Pancho Álvarez e Luís Peixoto, Roi Adrio na percusión, a zanfona de Anxo Pintos, o acordeón de Jorge Arribas ou o grupo de estética hindú Om/Off.

+ info

www.anxolorenzo.com

www.myspace.com/anxolorenzo

ZOUMA RECORDS

Rúa do Paseo, 30 - of. 7

32003 Ourense

T. (+34) 988 240 248 | (+34) 639 754 236

info@zoumarecords.com

www.zoumarecords.com



03. Emilio Rúa

CANCIÓN DE AUTOR

Venres 26 de marzo ás 20.30 h

Comezou a cantar sendo aínda un cativo na agrupación familiar Concorde Atenea, que fundara o seu pai nas Vendas da Barreira (Riós, Ourense), localidade de onde é orixinaria toda a súa familia. Guitarra en man, principia a compoñer e a presentarse nalgún que outro concurso. Tras un dos seus recitais ofréceselle a oportunidade de gravar un primeiro CD, publicado no 2000, e seis anos despois grava o seu segundo traballo discográfico coa produción artística de Uxía Senlle, o cal supuxo para Emilio Rúa un antes e un despois na súa carreira artística.

A tonalidade das súas cancións deambula entre os sons pop e a música tradicional pero cunha personalidade nova e diferente. A súa música persegue a intimidade e a tenrura sen abandonar as reivindicacións sociais e individuais máis inquietantes, como son a soledade, o desamor ou a fin da violencia.

Emilio Rúa ten tras del unha interesante e frutífera carreira que o levou a distintos concursos e xiras, algunhas incursións en Inglaterra, actuacións compartidas con Ismael Serrano ou Pedro Guerra e varios galardóns: 5ª Muestra Nacional de Canción de Autor de Ceutí (Murcia) ou o certame de Jóvenes Cantautores de Elche (Alacante).

O DISCO

Interior é o terceiro traballo discográfico de Emilio Rúa. O cantautor ourensán presenta un disco gravado e mesturado en Casa de Tolos e producido pola cantante galega Uxía e o músico brasileiro Sérgio Tannus, no cal se exploran novos rexistros familiares e próximos nunca antes utilizados por Rúa.

Neste novo traballo conta con coñecidos músicos de Galicia e Portugal e colaboracións destacadas coma as de Luís Tosar, Guadi Galego, Toni Lomba, Quín Farinha, Marcos Teira, Budiño e a mesma Uxía. Introdúcese no mundo tradicional, como vén sendo xa habitual e necesario nel, e revisa cun aire novo e persoal o tema popular galego Lela, ademais de reinterpretar cancións de autores como Magín Blanco, Uxía e Sérgio. Tamén utiliza a poesía de Manuel Rivas para pórllle música a un dos seus poemas. É un traballo en que as harmonías gañan un amplo espazo e amósanse co necesario coidado para lles dar forma e sentido ás doce cancións que conforman *Interior*.

Como di o propio autor, “*Interior* son os dous mundos que hai dentro de min e non se entende o un sen o outro: a miña música e a miña terra”.

NALGURES PRODUCCIÓNS

Ronda do Carme, 11 entrechán esquerda
27004 Lugo
T. (+34) 982 250 245
nalgures@nalgures.com
www.nalgures.com



04. Álvaro Vieito Cuarteto

JAZZ

Martes 20 abril ás 20.30 h

Formado en Compostela e en Nova York con mestres como Vic Juris, Lage Lund, Jonathan Kreisberg, Rory Stuart, Marcelino Galán e Michel González, entre outros, o guitarrista do Porriño colaborou na súa traxectoria profesional como músico en diferentes formacións: entre elas, Álvaro Vieito Trío, Álvaro Vieito & Diego Pérez, Hira-Joshi, S.E.M. Big Band e Xerpo, ademais do seu cuarteto.

Para completar a súa formación participou en diferentes cursos e seminarios, como o II Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra, con Abe Rábade, Paco Charlín e Santi Quintáns; o Pontevedra Jazz Workshop con Jonathan Kreisberg, Jaleel Shaw e Donald Edwards; o Seminario de Improvisación Bebop con Barry Harris no Taller de Músicos de Madrid e un curso de perfeccionamento con Ramón Ángel Rey, Abe Rábade, Jesús Santandreu e Paco Charlín. Realizou tamén *master classes* con: Jonathan Kreisberg, Dave Frank, Frank Gambale, Walter Thompson, Nuno Ferreira, Baldo Martínez, Joao Moreira, etc.

O DISCO

Introducing, o primeiro disco do guitarrista pontevedrés Álvaro Vieito, inaugura ademais unha nova colección discográfica de Falcatruada que, baixo o título *Azos* e a dirección artística de Abe Rábade, se especializará nas novas propostas do jazz galego. Para este debut discográfico, Álvaro Vieito opta por unha formación de cuarteto cun marcado carácter internacional en que, xunto co tamén galego Max Gómez á batería, o acompañan o xaponés Masahiro Yamamoto (saxos alto e soprano) e o estadounidense Ross Gallagher (contra-baixo).

+ info

www.myspace.com/alvarovieito

FALCATRUADA IMAXE E MÚSICA

Rúa Zalaeta, 20 entrechán

15002 A Coruña

T. (+34) 981 925 953

info@falcatruada.com

www.falcatruada.com



05. Ophiusa

FOLK - TRADICIONAL

Martes 27 abril ás 20.30 h

Ophiusa nace a mediados de 1986 en Santiago de Compostela e durante case dez anos amosa o seu traballo en diversos escenarios da península. En 1995 a formación decide facer unha paréntese na súa actividade como grupo. Porén, a finais de 2005, Ramón Feáns, Paco Nogueiras e Antonio Presedo volven xuntarse de novo con vistas a facer unha sinxela posta en común das súas respectivas traxectorias musicais. Como resultado da devandita toma de contacto, e despois de comprobaren a gran cantidade de ideas estético-musicais que seguen tendo en común, deciden retomar o antigo proxecto musical incorporando nas súas filas a Paulo Gacio, Dani Riveiro e Antón Bello.

En 2008 o grupo entra no estudio de gravación para rexistrar o seu primeiro disco *Paos*, un traballo autoproducido en que se recolle unha boa mostra do que se deu en chamar son Ophiusa, isto é, un repertorio do século XXI onde se combinan diferentes influencias estilísticas coas posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías. O resultado é un son directo e apaixonante, unha viaxe que, con marcada entidade galega, interactúa cos diferentes ritmos das músicas populares globais, e onde se rende unha sincera homenaxe ás cousas de todos os días, que precisamente polo seu carácter cotián nos pasan desapercibidas a maioría das veces.

Paos foi moi ben acollido pola crítica especializada e os medios de comunicación. Persoeiros reputados do mundo do folk coma Emilio Españañero (*Lume na palleira*, da Radio Galega), Óscar Losada (*La Opinión*), Uxía Senlle (Diario Cultural, da Radio Galega), Javier Cachafeiro (*Aires celtas*, de Radio Granada), Juan A. Vázquez (*Mapamundi radio*, Madrid) entre outros, coincidiron en valorar de xeito moi positivo o disco, dicindo del que achegaba frescura e sangue nova á escena folk.

O grupo ten tocado nos máis importantes escenarios do eido do folk, tales como o Escenario Runas do Festival de Ortigueira, o Festival Irmandiño de Moeche, o Festival Folk Cuartu de Los Valles en Asturias, a Festa do Lugnasad en Bretoña ou as Festas do Apóstolo en Compostela, por citar algúns. Tamén cabe salientar as xiras que ten realizado polas illas británicas, onde chegou a representar a Galicia en festivais como o Eisteddfod de Llangollen (País de Gales), converténdose así nun dos principais referentes do folk galego dos nosos días. Ophiusa é, ademais, finalista da 13ª edición dos prestixiosos Premios de la Música no apartado de mellor canción cantada en galego.

O DISCO

Ophiusa publica a principios do 2010 *Sin Planeta*, o seu segundo disco de estudio. Nesta segunda produción, a música do grupo, xa identificable e recoñecible, experimenta unha evolución cara á parte máis eléctrica e ecléctica dentro do seu propio son. Se no seu debut discográfico a banda traballaba con ritmos existentes na música popular global (coma o *reggae* ou o *bluegrass*) ademais dos ritmos que son propios do noso país (muiñeira, xota...), en *Sin Planeta* a música de Ophiusa dá un xiro cara á contemporaneidade.

Gravado nos seus propios estudos (Pink), o disco foi feito de maneira que a banda puido traballar sen presións e con liberdade, e iso traducíuse na posibilidade de experimentaren sen présea, de probaren, de xogaren coa música e coas posibilidades que ofrecen aparellos como os sintetizadores analóxicos ou os secuenciadores. De novo os temas incluídos no disco son compostos na súa totalidade. De no-

vo optouse pola autoprodución. *Sin Planeta* é o resultado desa liberdade creativa absoluta, fillo da imaxinación e da creatividade sen atrancos e enfrontado directamente aos convencionalismos. Unha metáfora do compromiso coa singularidade fronte a unha realidade cada vez máis estruturada e arquetípica.

Cómpre sinalar o apartado de colaboracións de *Sin Planeta*: Ophiusa conta neste disco con representantes do máis alto nivel instrumental e de persoeiros coñecidos na escena folk como Bieito Romero (Luar na Lubre), Óscar Fernández (bOnOvO), Benxamín Otero (Linho do Cuco) ou o guitarrista Valentín Caamaño, entre outros.

+ info

www.myspace.com/ophiusafolk

NONSÍ? SERVIZOS CULTURAIS

Rúa Nova 38, 1ª esqda

15704 Santiago de Compostela (A Coruña)

T. (+34) 981 578 281 | (+34) 606 672 041

info@nonsi.es

www.nonsi.es

Contratación

Noa Díaz. noa@nonsi.es | (+34) 606 672 041





06. BellónMaceiras Quinteto

FOLK FUSIÓN

Venres 30 abril ás 20.30 h

O proxecto BellónMaceiras Quinteto (BM5) nace en 2005, a partir da unión musical do gaiteiro Daniel Bellón e do acordeonista Diego Maceiras. O seu profundo coñecemento da música tradicional galega, as súas inquedanzas artísticas e máis o gusto polas músicas doutros países fixeron que desde o principio este dúo fusionase sen medo ritmos e melodías de distintos lugares, facendo música do mundo desde Galicia. Cando en 2007 convidaron outros tres músicos a formar o quinteto, estaban todos de acordo sobre a fusión que ían crear. Esta é sen dúbida a característica que mellor define a banda: a fusión de estilos sen complexos e o virtuosismo dos seus compoñentes.

Daniel Bellón, nacido en 1985, posúe un dos currículos máis importantes do mundo da música galega tradicional, xa que conta con máis de 35 premios recibidos, tanto en concepto de interpretación como de composición das súas propias obras. Entre todos estes galardóns, destaca o premio Constantino Bellón, o premio Gaiteiro de Soutelo (concedido en catro ocasións) ou o Trofeo MacAllan que lle outorga o Festival Intercéltico de Lorient, no que ademais participa en representación da delegación galega.

En 1994 entra a formar parte da banda de gaitas Airiños de Fene, coa cal grava o disco *Identidade* e comeza a destacar como gaiteiro solista ao tempo que enriquece o seu currículo coa súa experiencia en grupos como Roquementroque, Venela, Xaloucos, o obradoiro musical Os Sete Estalos ou Luvas Verdes, cuarteto co que edita *Fandango Desesperado* en 2005. Tamén participa na creación da banda sonora do filme *La Casa de la Troya*, de Alejandro Pérez Lugín e Manuel Noriega, co gallo da súa presentación na Filmoteca Española.

Na actualidade combina a docencia como profesor de gaita galega xunto co estudo de saxo tenor e harmonía moderna na academia de jazz Escola Popular de Música e Danza de Madrid.

Diego Maceiras, nacido en 1984, iníciase no mundo da música aos catro anos de idade dentro da banda de gaitas Airiños de Fene, na que continúa hoxe en día, e coa cal grava o disco *Identidade* e consegue importantes premios no mundo da gaita.

Acordeonista desde os 11 anos, comeza a súa formación baixo as ensinanzas do mestre fenés Manuel Cociña, pero tamén de Roberto Grandal, Xavier Díaz, e do prestixioso e laureado Oleg Sharov.

Membro fundador do grupo Venela, onde xa coincide con Daniel Bellón, segue a súa andaina musical esta vez uníndose como compoñente do xa desaparecido grupo Rumbadeira, ao tempo que combina a faceta de compositor e arranxador do grupo folk Eiravedra. Alén de tocar en importantes certames —coma o Festival Intercéltico de Lorient, Folk Segovia ou a Expo 98 en Lisboa—, participa no grupo de música infantil Mamá Cabra, co cal edita os discos *Cantos Rodados*, *Cantando comigo* e *Tan só con leres un libro* (este último galardoado co Premio Música á mellor canción en galego).

Juan Cabe. Guitarrista de Fene cun estilo e carácter inconfundible, é un dos mellores baixistas de Galicia, instrumento que incorpora ao grupo ademais do seu repertorio de guitarras. É guitarrista de Os Cempés e Tigres del Cañotas, así como baixo de Mr. Dixie, entre outros.

Miguel Lamas. Comeza a tocar a batería aos cinco anos da man do mestre Manolo Pérez. Na súa traxectoria musical ten compartido escenario con artistas da altura de Pepe Bao, Javier Constenla, Pablo Seoane ou artistas internacionais como Nikki Illes ou Scott Strooman. Tamén forma parte de bandas como Voodoo, Chiculate, LTCD, Fanjazz, Majahni, Presa Fácil, The Sweat! ou Telespotting. Actualmente realiza sesións no estudio Pousada Son e cursa estudos de percusión no Estudio-Escola de Compostela.

Juan Tinaquero. Toma contacto coa música cando era cativo no colexio dos Salesianos da Coruña. En 1992 entra no grupo Miki Nervio & The Bluesmakers, co que publica dous discos e participa en diversos festivais internacionais. Continúa a súa formación na Escola de Música da Coruña e colabora con grupos de todo tipo (tangos, música latinoamericana, rock, etc.), entre os que destaca a agrupación de pulso e púa Camerata Piu Bella.

Na actualidade cursa estudos no Conservatorio Superior da Coruña na especialidade de Jazz e compaxina o seu labor de actor de dobre xe coa música.

O DISCO

BellónMaceiras Quinteto achéganos a unha fusión entre novo folk e músicas do mundo, onde a improvisación desempeña un papel importante. A gaita e o acordeón, xunto co contrabaixo, a guitarra, a batería e o saxofón ofrecen unha viaxe musical na que diversos estilos e ritmos de amálgama se complementan cunha ampla variedade de composicións propias.

A fusión é o sinal de identidade de BM5 e a contribución musical de cada compoñente é a que marca o particular son do grupo. Os músicos teñen total liberdade para se expresaren, ceibes de rixidas faixas estilísticas. Do seu gusto por mesturar nace o que eles mesmos definen como “espicho”, a introdución de partes dunha melodía coñecida dentro doutra peza.

O resultado de todo este traballo é o disco *Folk fusión*, que verá a luz a mediados de abril de 2010. Nesta nova andaina, a gaita sae da súa cuncha para interpretar tango, swing, muiñeira, blues, habanera, jazz, samba, valse francés... Un novo xeito de entender as músicas do mundo desde Galicia.

+ info

www.bellonmaceiras.com

www.myspace.com/bellonmaceiras

ABADA XESTIÓN CULTURAL

Vía Pasteur, 5 - 2º B

Polígono do Tambre

15890 Santiago de Compostela (A Coruña)

T. (+34) 981 576 574

info@abada.es

www.abada.es

Venda de entradas

As entradas destinadas ao público xeral para asistir a todos os concertos do ciclo póñense á venda no despacho de billetes do Salón Teatro dúas horas antes do comezo de cada actuación.

Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web www.caixagalicia.es. O prezo das localidades é de 5 euros.

ST **MÚSICA**
PRESENTE
2010



XUNTA
DE GALICIA